

## NARRATIVA

### LITERATA

XURXO BORRAZÁS

– ¡Deixa a navalla, por túa nai!- entendeu que isto cun asaltante podía favorecela. Por túa nai, a navalla non.

– Dame un motivo.

Anos atrás, nos días do activismo, estivera persuadida de que en todo violador era doadamente rastrexable a pegada do conflito edípico. Agora botaba pestes contra a psicanálise e as súas revisións *à la carte*, pero o subconsciente traizoáraa.

Pensou un segundo, co coitelo na gorxa. ¿Que motivos razoables había para que ela non morrese? ¿que facía da súa vida algo imprescindible, algo valioso aos ollos deste home?

– Douche cartos, o que teña- esa era, evidentemente, a primeira opción. Hai a quen o diñeiro o aplaca máis ca o sexo.

– Non quero cartos- atallou o home. –¿Ti pensas que eu fago isto por cartos? Se quixese cartos roubaría un banco ou rompería o lombo de luns a venres. Xa o probei, impórtanme unha merda os cartos.

– Teño moitos –a ver se aumentando a dose o levaba a imaxinar obxectos, posesións. –Prometo non denunciarte.

– ¿Vesme cara de falar por falar, de volverme atrás? ¿vesme cara de ter gana de contos?

Tiña pouco que perder e á fin ela decidiuse por un vello truco. Os recursos da memoria retrocederon vencidos e botou man da imaxinación.

– Son escritora. Podo contarche un bo conto. Primeiro eu cóntoche e despois falamos.

Xamais imaxinara que nunha situación tan ao límite fose reaccionar con nada semellante á frialdade. El pareceu ir estoupar nunha gargallada, sen embargo virou serio.

– Que me empalme- esixiu, –e sen mariconadas.

Ela improvisou a súpeta relación dun hospitalizado que se repoñía dunha lexionela e a súa atractiva enfermeira na quenda de noite, unha xove

loira en prácticas con bata curta semitransparente, rotunda e impecable, melena lisa e ollos pintados, medias brancas e conxunto interior de encaixe. Todo o tópico e esquemático que soubo. «Córrete e vaite» pensou baixo o peso abafante do agresor. «Córrete e déixame en paz, fillo de puta». Cando rematou a historia el enguliu cuspe, excitado, e presionou a punta da folla contra a base do queixo. –¡Segue!- ordenou.

– Xa está- implorou a muller, pousando as mans no peito enriba súa e empurrando para que non a esmagase.

– ¿Xa está?- repetiu el. –¿Como que xa está? Iso terei que dicilo eu, hostias-. O peito do home contraeuse coa respiración, os seus ollos faiscaron chorosos e ela ollou o seu pánico reflectida neles. –Ti a min non me coñeces, tía. Non tes puta idea. ¿Pensas que unha puta historia dun minuto che vai salvar a vida ou que? ¿en que carallo de mundo vives? Un minuto de merda vai ser o que che queda a ti.

– Se me dás tempo, podo alongala.

Nas súas obras ela escribía arreo sobre as limitacións da literatura, a superación dos xéneros ou o colapso da linguaxe. Alí eran xogos de palabras, lucimento formal. Cando se ocupaba desas bagatelas xa lle entraba a dúbida pero co gume no pescozo a dúbida non cabía. A literatura, sempre, era un retraso da dor.

– Pois agora vasma contar outra puta vez, pero máis porca e que dure o triple, ou máis. Ata que eu che mande.

– Acouga, acouga. Está ben- aceptou ela. Había cousas peores ca improvisar un relato ou escribir por encargo. –Pero antes quítame a navalla, érguea un centímetro, que me vai mancar. Ti non me queres mancar ¿non é?- un retraso da dor.

– De navallas quen sabe son eu, e está ben onde está. ¿Pedinche eu algo a ti? ¿eh? Ti primeiro conta

e despois xa veremos. As cousas hai que gañalas, ¿non cho aprenderon na casa?

El tiña vinteún anos e ela corenta e tres. Remexíalle as tripas lembrar aquelas preguntas trapalleiras das entrevistas: ¿vostede escribe pensando nalgún universo lector en concreto? ¿en que medida o mercado e o público condicionan os seus proxectos e personaxes? ¿elixe as historias que lle gustan a vostede ou as que cre que lle van gustar ao lector? ¿a nivel estilístico, calcula o efecto de cada paso, de cada decisión, ou actúa máis ben de maneira intuitiva? ¿qué tipo de recepción crítica lle suscita un maior interese, a académica dos departamentos universitarios ou a superficial e espontánea dos medios? ¿a narratividade é no seu caso un artificio abstracto ou un risco consustancial á vida, unha condición?

No seu lugar tería que estar aquela grea de xornalistas e aprendices para se facer unha idea da verdadeira entidade e o funcionamento do literario. No presente, todo o antedito reducíase a unha folla de metal embafada imperceptiblemente pola suor que emanaba dos poros en torno á gorxa e a xugular: a teoría da recepción inmediata. Dous minutos despois de pedirlo, a presión da folla relaxouse uns milímetros, respirou coma se estivese de parto e comezou de novo o relato. El cuspiu no chan e levou a *man libre á bragueta*.

– Sen présa– avisouna, entrenzando os dedos dunha man cos dela, –e a enfermeira ten que ser morena, coma ti.

Desta volta fixo que a descripción do convalescente protagonista coincidise coa da besta que a

amezaba, adoptou o seu punto de vista, valeuse do estilo indirecto libre e comezou: «Era verán, a planta estaba chea de xente a suar baixo as sabas e a calor era abafante. Sentiu como as dúas enfermeiras se despedían no corredor cun bico e ela entrou».

Engadiu metáforas a base de figos abertos e zume de amorodos silvestres, bañeiras con espuma e pétalos de rosa. Demorouse na suavidade da pel e o cobregueo das cadeiras, a longura das coxas, o ampear salvaxe dos corazóns enfrontados e a firmeza dos peitos da A.T.S. O violador xa sabía que ela vivía soa e aquilo podía alongarse mil días máis, mentres durasen as provisións e a muller quixese gañar tempo.

Cando ela viu que a respiración do home se fixo máis dificultosa, que a navalla tremía e o cuspe lle saía máis seguido, ensarillou no relato un catálogo de posturas para facer o amor inzadas de detalle técnico e vocabulario explícito, con moita cacha ampla e moito pene xigante e moita trabada no pescozo e moita cona mollada e quente e moita cara entre as tetas e moito salaio contido. Finalmente arriscouse e meteu á enfermeira xefa no allo sendo penetrada mentres durmía no cuarto de garda e espertando en plena mamada sonámbula. Sentiuse literata, un adorno en *plan lesbo e o rostro do asaltante* contraeuse varios segundos, chorou baboso e zoscoulle un lapote á súa vítima.

–Es tan puta coma todas– dixo, –se dis algo mástote– e fuxiu da vivenda cos calzóns emboutados en seme.